



RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN ESTRUTURANTE DE ORDENACIÓN DO SOLO EMPRESARIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE BÉRTOA FASE II, SECTORES A E B, NO CONCELLO DE CARBALLO

Promotor: Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS)

Órgano substantivo: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Expediente: 2023AAE2761

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

- 1 O Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (en diante PSOAEG) foi aprobado definitivamente polo Consello da Xunta o 30.04.2014, tras ser sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica. O PSOAEG¹ contempla a ampliación do Polígono industrial de Bértoa-fase II mediante dúas actuacións programadas, que inclúen o desenvolvemento dun sector A (código da actuación 15019013) e un sector B (cód. 15019014).
- 2 O 4.2.2016 aprobouse definitivamente o vixente Plan xeral de ordenación municipal do concello de Carballo (PXOM). Os sectores de solo urbanizable S-I1 e S-I2 do PXOM coinciden en liñas xerais cos sectores A e B delimitados no PSOAEG para ampliación do Polígono industrial de Bértoa-fase II.
- 3 O 31.1.2023 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Instituto Galego de Vivenda e Solo para iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Plan estruturante de ordenación do solo empresarial do polígono industrial de Bértoa fase II, sectores A e B, Carballo" (en diante PEOSE). Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do PEOSE.
- 4 O 2.2.2023 este órgano ambiental iniciou un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de 30 días hábiles.
- 5 O 13.2.2023 recibíuse unha adenda ao borrador remitida polo promotor, polo que o prazo de consultas iniciado foi ampliado ata o 27 de marzo de 2023.

¹ Documento VI. *Proposta de estratexia de desenvolvemento do PSOAEG*; cadro nº 6 *Programación das actuacións recollidas no PSOAEG*.






CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia establece que os plans estruturantes de ordenación de solo empresarial teñen por obxecto o desenvolvemento das actuacións de promoción pública previstas no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOATEG) ou a planificación e ordenación doutras actuacións de promoción pública non previstas.
- 2 A dita Lei 3/2022 integra no procedemento de aprobación dos plans estruturantes de ordenación do solo empresarial o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Así, segundo o artigo 37.2, os plans estruturantes de ordenación do solo empresarial que non se atopen dentro dos supostos recollidos no artigo 6.1 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental deberán someterse a unha avaliación ambiental estratéxica simplificada.
- 3 Conforme o disposto no artigo 38 da Lei 3/2022, o órgano ambiental formulará o informe ambiental estratéxico tras consultar ao órgano competente en materia de ordenación do territorio, ás demais administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de trinta días hábiles. No informe ambiental estratéxico o órgano ambiental determinará se o plan ten ou non efectos significativos no medio; no caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza; no caso contrario, someterase a avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1 Obxecto e ámbito de actuación do plan

O PEOSE ten por obxecto desenvolver a fase II do polígono industrial de Bértoa, actuación de solo empresarial prevista no PSOATEG. Esta fase II inclúe dous ámbitos de actuación lindeiros co polígono actual e denominados sector A (no oeste) e sector B (no sueste), que coinciden en liñas xerais cos sectores de solo urbanizable S-I1 e S-I2 do PXOM.





No borrador do PEOSE realízase un reaxuste² na delimitación dos sectores A e B definidos no PSOAEG pola necesidade de incluír os terreos necesarios para as conexións exteriores viarias, de xeito que o sector A pasa a ter unha superficie de 484.311 m² e o sector B 113.596 m².

2 Características ambientais da área probablemente afectada

O parque empresarial de Bértoa emprázase ao norte da vila de Carballo e a carón da autoestrada AG-55 de titularidade autonómica.

Trátase dunha zona de topografía suave que é drenada polos regos da Balsa e de Bértoa, que desembocan no río Anllóns. O substrato xeolóxico caracterízase por estar constituído maioritariamente por anfibolitas. A zona de actuación atópase dentro do perímetro de protección das augas minerotermais Balneario de Carballo. Obsérvase a presenza da herba da pampa (*Cortaderia selloana*) e outras plantas exóticas invasoras nas zonas limítrofes afectadas por movementos de terra e verteduras, sen chegar a cubrir grandes superficies.

Na contorna próxima a ambos sectores existen redes de abastecemento de auga, saneamento, electricidade, gas e telecomunicacións que dan servizo ao polígono industrial en funcionamento. As augas residuais xeradas son conducidas na actualidade á EDAR de Carballo, a cal non ten capacidade para seguir asumindo os caudais da zona industrial e ademais o colector de saída da zona industrial provoca frecuentes alivios ao rego da Balsa³.

Ambos sectores contan con acceso desde a autoestrada AG-55 a través do ramal que comunica co polígono existente, e desde as estradas AC-552 (ao sur do sector B) e AC-1902 (extremo suroeste do sector A), que conectan co núcleo de Carballo. Ademais, forma parte dunha rede de itinerarios peonís e ciclistas que o conectan a Carballo coa praia de Razo.

Sector A: emprázase ao oeste do parque empresarial existente, entre a autoestrada AG-55 e o rego da Balsa, que o separa da zona industrial, nunha zona sensiblemente chaira. Ao sur atópase o núcleo de Vella Morta e dentro do ámbito dúas vivendas illadas.

A zona leste do sector correspóndese cunha zona húmida situada a carón do rego da Balsa na que o nivel freático é practicamente superficial e existen zonas encharcadas e pequenas canles non recollidas na cartografía oficial. Estes terreos están ocupados na actualidade por salgueirais que colonizaron antigos prados húmidos, bosques húmidos de salgueiros e ameneiros, herbeiras húmidas sobre substratos turbosos, brañas e breixeiras húmidas con *Erica ciliaris*, así como algunhas plantacións de chopos. Algunhas destas formacións conforman pequenas superficies de hábitats de interese comunitario (6410 Prados con *Molinea caerulea* sobre substratos turbosos) e de carácter prioritario (91E0* bosques aluviais e 4020* breixeiras húmidas atlánticas). O resto dos terreos

2 O incremento de superficie é inferior ao 30% que establece o artigo 5 da normativa do PSOAEG (modificado na MP1 do PSOAEG) e ao 20% que establece o artigo 30.3 da Lei 3/2022.

3 Informe sobre a suficiencia dos servizos de saneamento e abastecemento de auga emitido o 7.3.2023 pola oficina técnica do Concello de Carballo.






están ocupados por masas de eucalipto e piñeiro, mesturadas con matogueira e outras especies e superficies menores de cultivos na contorna das dúas vivendas.

Dentro do sector existen datos de presenza de *Euphorbia uliginosa*, planta endémica da península Ibérica⁴ “en perigo de extinción” e ameazada por mor da degradación das matogueiras húmidas ou higrófilas sobre solos de anfibolitas que habitan. A poboación desta especie situada entre o polígono industrial de Bértoa e a estrada Carballo-Razo foi citada como a máis importante das coñecidas en España⁵.

O seguinte mapa amosa a delimitación das unidades ambientais identificadas na zona húmida en base a traballo de campo e cartográfico realizado por persoal técnico desta dirección xeral, así como os puntos con citas de presenza de *Euphorbia uliginosa* facilitados polo Departamento de Ecosistemas Forestais do Centro de Investigación Forestal de Lourizán. Estas citas localízanse en brexeiras húmidas con *Erica ciliaris* e nas zonas periféricas de prados con *Molinia caerulea* sobre substratos turbosos.



O bordo leste do sector está afectado parcialmente pola zona inundable (T500 anos) e pola zona de fluxo preferente do rego da Balsa delimitadas polo organismo de bacía⁶

4 Segundo o Atlas da Flora Ameazada de España en situación de “en perigo crítico”

5 <https://lourizan.xunta.gal/es/noticias/una-especie-vegetal-en-peligro-critico-resiste-la-extincion-en-carballo-y-zas>

6 Sistema Nacional de Cartografía de Zonas inundables (<https://www.miteco.gob.es/es/agua/temas/gestion-de-los-riesgos-de-inundacion/snczi/>) e <http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc>





para a área con risco potencial significativo de inundación (ARPSI) "Río Anllóns-Carballo", clasificada como de alto risco⁷.

Non consta ningún ben patrimonial catalogado no ámbito. O PSOAEG identifica na ficha deste sector a existencia dun cruceiro (Cruceiro en Vilar do Carballo, Oza), que segundo indica o promotor non foi localizado. No entanto, nos traballos de prospección realizados⁸ identificouse un muíño tradicional.

O bordo oeste do ámbito está afectado parcialmente pola contaminación acústica asociada ao tráfico rodado da AG-55, nun tramo que conta con mapas estratéxicos de ruído elaborados⁹.

No perímetro e contorna do actual polígono discorren varias sendas peonís e ciclistas¹⁰ que comunican a área industrial coa vila de Carballo e coa praia de Razo, solapándose nalgúns tramos co sector.

Sector B: Sitúase ao sueste do parque empresarial actual, lindando cun ramal de acceso á AG-55. Os terreos presentan unha topografía irregular, cunha pequena elevación e afloramentos rochosos na zona norte.

O ámbito está ocupado por masas arboradas (principalmente piñeiros e eucaliptos), matogueira e prados. Pertence á vertente dun regato tributario do rego de Bértoa, que descorre ao leste, fóra do sector.

Non consta ningún elemento do patrimonio cultural catalogado no sector nin na contorna próxima. No interior do ámbito, en paralelo ao viario lindeiro, discorre unha senda peonil e ciclista que rodea o polígono industrial e conecta ao sur coa senda que dá acceso ao núcleo de Carballo.

3 Proposta de planeamento

Alternativas: o documento ambiental estratéxico considera dúas alternativas de ordenación, ademais da alternativa cero de non actuación. As alternativas 1 e 2 propoñen unha ordenación do ámbito con lixeiras variacións respecto da rede viaria, organización parcelaria, sistemas dotacionais e zonas verdes.

O promotor xustifica a elección da alternativa 1 argumentando que aínda que as diferencias son pequenas con respecto á alternativa 2, *consegue unha mellor solución para as conexións exteriores viarias, ofrece unha maior área industrial, maior número de aparcamentos e unhas zonas verdes máis estruturadas e deseñadas para a integración paisaxística do ámbito.*

Proposta: o borrador formula unha proposta de ordenación detallada para os dous sectores A e B, da que se destacan os seguintes aspectos:

7 Plan de xestión de riscos de inundación da demarcación hidrográfica Galicia-Costa

8 Realizados entre os anos 2006-07 para avaliar o impacto sobre o patrimonio cultural do Proxecto de sectorización e urbanización de dúas áreas de solo apto para urbanizar industrial, que se corresponden cos sectores A e B.

9 Sistema de Información sobre Contaminación Acústica (<http://sicaweb.cedex.es/>).

10 Proxecto Cicl-Ando de mobilidade ciclista e peonil no concello de Carballo (<https://ciclandocarballo.gal/es/>)





- Sector A:


Destina a zona verde unha franxa de terreo ao longo do rego da Balsa. No norte do sector define dous ámbitos para usos lucrativos nos que se prevé *a priori* a implantación de usos relacionados coa industria escaparate e actividades terciarias.

Delimítanse dous ámbitos con determinacións de eficacia diferida (artigo 34 da Lei 3/2022), un deles no sur (233.237 m²) cuxa distribución de usos se abordará unha vez definidas as necesidades concretas da oferta empresarial, e outro no norte (8.237 m²) que se destinará a zona verde ou uso industrial en función da avaliación dos valores dun muíño tradicional existente e dun curso de auga. O plano do borrador PORD.1 (folla 2) formula ata oito alternativas de ordenación para estes ámbitos con determinacións de eficacia diferida.

Un eixo viario principal conectará o sector co polígono existente, separando a zona industrial e as zonas verdes propostas, e unha circunvalación no extremo SO mellorará o acceso desde a estrada DP-1902 (Razo-Carballo). Resérvanse catro zonas destinadas a aparcamento, ademais das prazas previstas na vía pública. Prevese integrar itinerarios de uso peonil e ciclista ao longo dos viarios e da zona verde proposta.

- Sector B

O borrador distribúe as parcelas lucrativas en torno a un viario principal que dará continuidade á rede existente do polígono e outro no límite norte. Sitúa as zonas verdes no sur, arredor dun espazo destinado a equipamento. Propón tres áreas de aparcamento e integra itinerarios peonís e ciclistas ao longo da zona verde e os viarios.



O borrador prevé conectar ámbolos dous sectores coas redes de servizos urbanos existentes na área empresarial lindeira, indicando que *a priori, sexa directamente ou con actuacións de reforzo, parecerían garantir o subministro ás novas áreas empresariais de maneira técnica e economicamente sinxela*; non obstante, remite a futuras fases da tramitación do PEOSE un estudo de maior detalle e o requirimento de informe ás





compañías e aos servizos técnicos municipais. Con respecto á depuración das augas residuais, o borrador menciona que o PXOM fai unha reserva de solo ao sur do sector A para a execución dunha nova EDAR na que tratar as augas residuais de toda a zona industrial; na adenda achegada ao borrador afirmase que *o desenvolvemento dos sectores A e B esixirá necesariamente a execución da nova EDAR.*

4 Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á elaboración deste informe ambiental:

<i>Administracións afectadas</i>	<i>Resposta</i>	<i>Sen resposta</i>
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Augas de Galicia	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	
Axencia Galega de Infraestruturas	x	
Concello de Carballo	x	

Asemade, o borrador do PEOSE mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Recibiuse un escrito da Comunidade de Propietarios do Polígono de Carballo.

O promotor deberá considerar na elaboración e tramitación do PEOSE as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas. No que se refire ao proceso de avaliación ambiental estratéxica, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas con incidencia ambiental:

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

O PEOSE deberá conter a xustificación da coherencia entre as actuacións proxectadas e as Directrices de ordenación do territorio (DOT) e outros instrumentos de ordenación vixentes no seu ámbito, que son o PSOAEG e o Proxecto sectorial do parque empresarial de Bértoa e as súas modificacións. Xustificarase especificamente a integración coas determinacións relativas ao desenvolvemento de áreas empresariais (apartado 3.2 das DOT) así como outras relacionadas con aspectos de mobilidade, paisaxe, recursos, etc. Non resulta precisa unha análise de compatibilidade estratéxica (ACE) por tratarse da ampliación dunha área prevista no PSOAEG (art. 45 da LOT).

Deberase recabar informe dos servizos técnicos municipais e das empresas subministradoras respecto da suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos.

Instituto de Estudos do Territorio:

O plan non provocará un impacto paisaxístico significativo toda vez que queda integrado no conxunto do actual polígono industrial de Bértoa, prevé unha ordenación con tipoloxías e volumes semellantes ás existentes na contorna inmediata, a distribución do





viario resulta respectuosa coa morfoloxía do terreo (directriz de paisaxe DX.10.a.4, das Directrices de paisaxe de Galicia) e ofrece unha boa conectividade con ámbitos adxacentes.

Considera axeitados os obxectivos de calidade paisaxística expresados no borrador de procurar a integración do parque empresarial respectando o carácter identitario da paisaxe. Non obstante, cómpre ter en conta que na bacía visual do ámbito existen núcleos rurais, como Guilfonxe, Requeixo e Loenzo de Arriba, que están situados a menos de 1 km do polígono, e tamén a autoestrada AG-55, con alto potencial de observadores. Para dar cumprimento aos ditos obxectivos e ao disposto na directriz de paisaxe DX.10 deben concretarse medidas correctoras específicas que garantan a dita integración, ampliando as xa consideradas no plan; para tal fin:

- Segundo o disposto na directriz DX.10.b epígrafes 2, 3 e 4, deben preverse nas faixas perimetrais de ambos sectores medidas de amortecemento visual das naves, mediante a reserva no espazo cualificado como sistema xeral viario ou ben adxacente a este, de espazos vexetados, sebes e/ou escavas (alcorques) con especies autóctonas arbóreas de diverso porte, e distribuídas de xeito acorde ao estudo de visibilidade que se realice. Na ordenación do ámbito teranse en conta o resto de epígrafes da directriz DX.10.b.
- Para o acondicionamento dos espazos verdes libres, urbanización de rúas, iluminación, pavimentos e mobiliario, cartellaría, etc., aconséllase seguir os criterios da *Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos* e a *Guía de boas prácticas nos carteis publicitarios*, que conteñen indicacións específicas para espazos industriais.

Aguas de Galicia:

No ámbito figuran as canles grafadas do rego da Balsa e do rego de Bértoa (codificadas no Plan hidrolóxico de Galicia-costa; en diante PHGC) e outras dúas innominadas pertencentes á Rede pendente de revisión, tributarias das anteriores. No caso de existiren outros cursos fluviais ou calquera elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico (DPH), seralles de aplicación a normativa e lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas para o DPH. Clarexa que o posible carácter estacional do curso de auga que discorre dentro do sector A non impide a súa consideración como elemento do DPH (art. 2 TRLA).

Terase en conta a existencia no ámbito do plan de zonas protexidas incluídas no Catálogo de zonas protexidas do PHGC vixente (augas mineirotermais perímetro: Balneario de Carballo), adoitando as medidas precisas para a súa preservación e, no seu caso, coas autorizacións correspondentes.

Deberán respectarse e recollese expresamente as prescricións recollidas no capítulo IX da normativa do PHCG (art. 61-72) de medidas de protección relativas ás inundacións e secas. A documentación deberá incorporar nas zonas afectadas por áreas con risco potencial significativo de inundación (ARPSIs) planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, o DPH e as súas zonas de servidume e policía, as zonas inundables e as zonas de fluxo preferente (ZFP). Asemade, deberán terse en conta as prescricións recollidas nos artigos 9, 9bis, 9ter, 9quater, 14 e 14 bis do Regulamento de dominio público





hidráulico (RDPH). En todo caso, a actuación planeada deberá ser compatible co Plan de xestión de risco de inundación da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa que marca as directrices para a xestión de inundacións, incluíndo as medidas propostas para minimización do risco de inundación.

Deberá prestarse especial atención a que a actuación planeada non dea lugar a modificacións significativas da propia zona inundable ou do réxime de correntes ou a un incremento significativo do risco de inundación por mor das modificacións topográficas asociadas ás novas explanacións ou polo eventual aumento nos escorregamentos incorporados á rede fluvial producidos polas selaxes asociadas ás novas pavimentacións.

En canto ao abastecemento, para aprobación do instrumento deberase precisar a concesión administrativa na que se encadraría o novo consumo, comprobando a suficiencia do caudal outorgado para satisfacer a demanda estimada. Informa de que o concello conta cunha concesión de augas para abastecemento cun caudal de 170 l/s. En relación á posibilidade de executar un depósito de almacenamento de augas pluviais destinado a rega e limpeza, lembra que calquera aproveitamento de augas requirirá da súa inscrición no Libro de rexistro de augas como uso privativo (art. 54 e 59 TRLA).

A documentación do plan establece que o desenvolvemento dos sectores A e B esixirá necesariamente da execución dunha nova EDAR, recollida como proposta no PXOM para tratamento das augas residuais xeradas conxuntamente coas do resto da área industrial actualmente en servizo, descargando a actual EDAR de Carballo. A autorización de vertido a un sistema público de saneamento será outorgada pola entidade xestora correspondente, cumprindo co disposto no Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia, e a restante de lexislación vixente.

Establece unha serie de criterios técnicos a ter en conta para garantir a non afección ao medio fluvial nas fases de proxecto de urbanización e obras, relativas á xestión das augas pluviais, a implantación de técnicas de drenaxe sustentable e as obras de drenaxe dos novos viais (art. 49.4.b, 67.1, 66 e 126.ter do PHGC).

Conclúe que non é previsible que o PEOSE poida causar impactos ambientais significativos sobre o DPH tendo en conta as medidas protectoras e correctoras previstas polo promotor no documento ambiental presentado e as consideracións a tal efecto referidas no informe.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC):

Recolle que o borrador identifica un muíño dentro do sector A (cuarteirón H) que non está catalogado, quedando *"á espera de avaliar adecuadamente o interese da súa conservación"*, e que o cruceiro identificado na ficha do sector A do PSOAEG non figura nin no Catálogo do PXOM nin no Plan básico autonómico. Ao respecto, sinala que nos arquivos da DXPC existe unha referencia ao Cruceiro de Vilar do Carballo, Oza, situado á beira da estrada AG-55.

Sinala que deberá catalogarse o muíño e, de ser o caso, o cruceiro. Redactaranse as fichas do Catálogo correspondentes co contido esixido pola normativa vixente e delimitaranse os bens e o seu contorno de protección seguindo os criterios da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG). Na delimitación do muíño





terase en conta que o ben está composto, ademais de pola edificación principal, pola canle e resto de infraestrutura hidráulica que se conserve. Toda vez delimitados os bens catalogados, deberán representarse tanto nos planos de ordenación como nos de afeccións sectoriais.

Considera positiva a concentración das zonas verdes no perímetro do parque posto que ten continuidade coa área empresarial lindeira e deixa aberta a posibilidade de converterse nun gran corredor verde.

Toda a vez coñecida a delimitación dos bens, poderá valorarse a ordenación proposta en relación coa protección do patrimonio cultural. Porén, nunha primeira aproximación, sinala que a ordenación do sector A deixa a zona H na que se atopa o muíño entre dúas zonas de "uso lucrativo" e entre o sistema xeral viario e o sistema de espazos libres e zonas verdes. Como norma xeral, deberanse proxectar os espazos libres e zonas verdes nas proximidades dos bens catalogados para que funcionen como espazos de amortecemento (procurando estratexias como a plantación de arborado e vexetación autóctona). En calquera caso, evitárase a construción de novos volumes cerca dos bens que afecten a súa percepción visual e se aplicarán os criterios específicos de intervención no contorno de protección recollidos no artigo 46 da LPCG.

Axencia Galega de Infraestruturas:

A delimitación do ámbito do PEOSE debe axustarse cando menos ao límite exterior da zona de dominio público da estrada AG-55 e do seu ramal de acceso, dos que achega planos. No caso de incluírse dentro do ámbito, os terreos situados entre a liña límite de edificación e a liña exterior da zona de dominio público cualificaranse como sistema xeral viario.

Informa dos criterios de ordenación que, con carácter xeral, considera precisos para o mantemento da seguridade viaria e a axeitada proporción do dominio público viario. Solicita que se actualice no plan a categorización das estradas autonómicas conforme ao *Catálogo da rede de estradas autonómicas de Galicia* vixente.

En relación á área de ordenación diferida situada no sur do sector A, non considera adecuada a conexión do viario interior desta área coa vía de servizo da AG-55 á altura do PQ 31+230 marxe dereita, prevista en dúas das ordenacións propostas para este ámbito.

No caso da conexión do sector B co ramal da AG-55, a documentación achegada resulta confusa e non queda claro se se pretende executar algún tipo de conexión nova. Terase en conta que en aplicación da normativa vixente en materia de accesos non está xustificada a creación de novos accesos a este ramal, toda vez que se poden empregar os accesos xa existentes do viario do polígono industrial actual ás glorietas situadas ao norte e sur do ámbito.

A estrada AG-55 foi incluída na elaboración dos mapas estratéxicos de ruído dos grandes eixos viarios en aplicación da Directiva comunitaria 2002/49/CEE. Na elaboración do plan, ademais da información dos mapas, deberase incluír na normativa un texto que esixa realizar os estudos necesarios previa a execución de obras e instalacións na contorna das estradas autonómicas, para determinar os niveis sonoros esperables e establecer as medidas a adoptar atendendo á normativa de ruído.





Concello de Carballo:

Sinala que, pese a non ter incidencia na ordenación, a totalidade da superficie do PEOSE está incluída na área potencial do Plan de recuperación da escribenta das canaveiras, polo que se deberá valorar a repercusión. Achega o informe presentado por un particular sobre a presenza na zona da especie ameazada *Euphorbia uliginosa*, para a súa consideración se procede.

O ámbito do plan está dentro do perímetro de concesión de augas mineiro-medicinais "Virgen de la Estrella", polo que deberán terse en conta os condicionantes da lexislación en materia de minas e solicitar informe ao órgano competente na materia.

Suxire que non se contemplan parcelas ou zonas de uso exclusivo terciario senón que se dea prioridade ao uso demandado que é o industrial.

Deberase ter en conta a existencia das sendas peonís e ciclistas que integran o proxecto CICL-ANDO, que percorren todo o perímetro do parque empresarial e o comunican coa vila de Carballo e coa praia de Razo.

Considera que as novas ampliacións do polígono industrial van agravar os problemas de tráfico que xa se producen na actualidade, polo que expón diversas cuestións a ter en conta no deseño da rede viaria para facilitar a mobilidade e indica que a mellor solución pasaría por prover a esta zona industrial dun transporte público adecuado.

Manifesta que resulta imprescindible unha nova EDAR na zona determinada no PXOM e no plan director de saneamento municipal, xa que a EDAR de Carballo non ten capacidade para seguir asumindo os caudais da zona industrial e porque o colector de saída da zona industrial resulta insuficiente para asumir todos os caudais que chegan.

No tocante ao abastecemento de auga, informa de que o Concello ten autorizado un caudal de captación de 170 l/s que é máis que suficiente para atender as necesidades presentes e futuras do desenvolvemento urbano do municipio de Carballo; informa tamén de que as infraestruturas son suficientes para atender as demandas actuais e futuras, se ben a ETAP do Anllóns precisa dunha actualización.

Comunidade de propietarios do polígono de Carballo:

Solicita axustar a oferta de solo á demanda real detectada nos últimos anos, clasificando de uso mixto as parcelas definidas como comerciais na actual proposta do plan. Tamén propón a apertura de novos viarios de acceso aos sectores A e B para mellorar os fluxos de vehículos dentro do propio polígono e aliviar os actuais tres accesos nas horas puntas do día. O plan estipula 7.268 novas prazas de aparcamento, polo que a previsión que manexan no incremento de fluxos é notable. Valora positivamente a conexión prevista coa estrada de Razo (DP-1902) e nesta liña considera que o plan debería prever a conexión do final da rúas H e I co sistema viario municipal que enlaza coa DP-1909. Así mesmo, a conexión do final da rúa A do sector B coa actual rúa Cobre por algún dos soares sen edificar da zona melloraría notablemente o fluxo interno de vehículos. Se ben o plan fai referencia á necesidade de dotar á área empresarial de alternativas de mobilidade sustentable, non contempla a súa inclusión na rede de transporte público de Galicia, que considera urxente tendo en conta o elevado fluxo diario de visitas na zona.





5 Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Mediante este plan estruturante de ordenación do solo empresarial (PEOSE) preténdese levar a cabo o desenvolvemento da fase II de ampliación do polígono industrial de Bértoa, conforme ao previsto no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOATEG), que é un instrumento de ordenación territorial de rango superior. Con todo, o PEOSE deberá conter a xustificación da coherencia entre as actuacións proxectadas e os instrumentos de ordenación vixentes no seu ámbito (artigo 33.1.d da Lei 3/2022), como son as DOT, o PSOATEG, o Proxecto sectorial do parque empresarial de Bértoa e as súas modificacións.

O PEOSE non establece un marco para a futura autorización de proxectos máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos autorizados. Tampouco se trata dun plan que resulte pertinente ou necesario para a implantación da lexislación comunitaria ou nacional en materia de medio ambiente.

A actuación empresarial proxectada non terá unha incidencia paisaxística significativa, xa que constitúe unha ampliación dun polígono industrial existente e a ordenación contempla tipoloxías e volumes semellantes ás existentes na contorna inmediata. No obstante, tendo en conta que nas inmedidacións se atopan varios núcleos rurais e a autoestrada AG-55, con alto potencial de observadores, deberán concretarse medidas específicas -de aplicación na fase de planeamento- que garantan a integración paisaxística, ampliando as xa consideradas no borrador.

As zonas húmidas teñen un importante papel na regulación do ciclo hídrico, que afecta tanto ao abastecemento de auga e á protección da súa calidade e depuración, como á redución dos riscos de inundación polo seu papel amortecedor dos caudais nas enchentes, especialmente importante neste caso ao situarse nunha ARPSI declarada de alto risco. Contribúen ademais á mitigación do cambio climático mediante a protección dos solos ricos en carbono e tamén teñen beneficios para a biodiversidade.

A ordenación que propón o borrador para o sector A contempla integrar no sistema de espazos libres e zonas verdes unha parte da zona húmida identificada e do hábitat de *E. uliginosa*, pero existen superficies de hábitats de interese (bosque húmido con ameneiros, breixeira húmida e herbeiras húmidas con molineas) que serían urbanizados ou perderían gran parte da súa funcionalidade ao ser fragmentados polos viarios previstos. Ademais, tal como sinala o borrador (páx.11), nestas zonas con encharcamentos superficiais (o nivel freático é practicamente superficial en boa parte do sector) e condicións xeotécnicas pésimas para urbanizar será necesario realizar saneos de gran entidade nos recheos. Sendo así, cómpre revisar a ordenación proposta no sector A para evitar afectar as áreas con maior valor ambiental da zona húmida, especialmente nas que se citou a presenza de *E. uliginosa* (artigo 33.1.j da Lei 3/2022).

En relación co anterior, cómpre sinalar que no traballo de campo comprobouse que o abandono do uso dos terreos está favorecendo a invasión por mato de alto porte, silvas e salgueiros das zonas de breixeira húmida e herbeiras húmidas con molineas. Neste sentido, suxírese establecer na normativa do plan medidas de manexo da vexetación





para favorecer a conservación de *E. uliginosa*, como son as rozas selectivas perimetrais periódicas que eviten a progresión de mato da alto porte, silvas e salgueiros; os métodos e frecuencias destas prácticas estarán adaptados aos requirimentos de hábitat de *Euphorbia uliginosa*¹¹.

Ademais, o borrador prevé implantar sistemas naturais de drenaxe de augas pluviais, o que pode ser aproveitado para recrear terreos hidromorfos similares aos que se crearon no límite noreste do actual polígono ("zona húmida artificial" no mapa de unidades ambientais), nos que *E. uliginosa* puido establecerse¹². Para elo, o manexo da vexetación debe adaptarse aos requirimentos da especie¹³, evitando a plantación de arborado.



Ámbito lindeiro co sector A (referida como zona húmida artificial no mapa de unidades ambientais) situado no actual polígono industrial no que se estableceu a especie *Euphorbia uliginosa*.

Por outra banda, a ampliación do polígono requirirá realizar movementos de terras que poden favorecer a expansión de plantas exóticas invasoras xa establecidas no perímetro do actual polígono, en especial de *Cortaderia selloana* e de *Robinia pseudoacacia*, polo que sería conveniente incorporar no plan medidas normativas para evitalo.

O PEOSE non terá incidencia sobre o Plan de recuperación da subespecie *lusitanica* da escribenta das canaveiras, xa que a zona húmida presente non forma parte do seu hábitat potencial ao non contar con vexetación palustre de alto porte (canas, espadanas, etc.)¹⁴.

O sector A está afectado no bordo leste pola zona inundable (T500) e a zona de fluxo preferente do rego da Balsa, se ben estas zonas inundables quedan debidamente integradas nas zonas verdes definidas na ordenación. Por outra parte, a futura urbanización do sector suporá a impermeabilización dunha importante superficie de solo, o que pode provocar modificacións significativas do réxime de correntes e da zona

11 https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/623_tcm30-99241.pdf

12 Conforme ás citas facilitadas polo Departamento de Ecosistemas Forestais do Centro de Investigación Forestal de Lourizán.

13 Evitar que por efecto do propio dinamismo da vexetación as matogueiras húmidas que se formen acaben sendo substituídas por formacións vexetais de maior porte, mediante cortas periódicas controladas e/ou pastoreo. Manter solos temporalmente enchoupados e maioritariamente de tipo higroturboso.

14 Artigo 6 do Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus L.subsp. lusitanica Steinbacher*) en Galicia.





inundable; ao respecto valórase positivamente o criterio recollido no borrador de utilizar sistemas naturais de laminación, drenaxe e depuración de augas pluviais así como o de favorecer a infiltración natural da auga de choiva.

A posta en funcionamento da fase II do polígono industrial incrementará as necesidades actuais de auga para abastecemento e os caudais de augas residuais xerados. Segundo informaron os servizos municipais, o caudal autorizado de captación é suficiente para atender as necesidades presentes e futuras. Porén, o promotor asume no borrador (adenda) e o Concello de Carballo advirte no seu informe que será necesario executar a nova EDAR prevista no PXOM para tratar as augas residuais.

O borrador recoñece a existencia no sector A dun muíño tradicional que non está catalogado e propón diferir a ordenación detallada da parcela na que se localiza, á espera de avaliar adecuadamente o interese da súa conservación. Ademais, no PSOAEG a ficha do sector A indica a presenza dun cruceiro que non se puido localizar. Cómpre catalogar o muíño e, de ser o caso, o cruceiro, delimitar os contornos de protección e establecer unha ordenación que garanta a salvagarda dos seus valores culturais.

A ampliación do polígono industrial incrementará as necesidades de mobilidade na zona. O estudo de mobilidade que contén o borrador conclúe que non se producirán efectos significativos dada a boa conexión do ámbito co exterior e a capacidade da rede viaria existente para absorber o tráfico xerado polos novos sectores. Con todo, no deseño do novo sistema viario interno e das conexións exteriores cómpre atender as observacións e suxestións formuladas pola Axencia Galega de Infraestruturas, o Concello de Carballo e a Comunidade de propietarios do Polígono de Carballo.

Considérase positivo a previsión do borrador de integrar itinerarios peonís e ciclistas ao longo da rede viaria e das zonas verdes, non obstante, deberase ter en conta que na actualidade xa existen na zona sendas que comunican o polígono industrial coa vila de Carballo e a praia de Razo, e cómpre resolver de xeito adecuado as posibles interferencias. Por outra parte, dada a entidade que acadará a zona industrial trala ampliación proposta, os organismos competentes deberían valorar a implantación dun servizo de transporte público colectivo como alternativa ao uso do vehículo particular. Unha axeitada xestión da mobilidade contribúe á minoración do gasto enerxético, ao tempo que se reduce a contribución ao cambio climático.

Parte do sector A está afectado pola contaminación acústica do tráfico que circula pola autoestrada AG-55. Porén, segundo os mapas estratéxicos de ruído oficiais elaborados para este treito da autoestrada, os niveis de inmisión de ruído que se alcanzan nas parcelas lucrativas son inferiores aos obxectivos de calidade acústica que a lexislación vixente establece¹⁵ para os novos desenvolvementos urbanísticos nos que predominan os usos industriais ou terciarios.

En conclusión, o plan proposto non terá efectos ambientais adversos significativos se se atenden as determinacións que se detallan a continuación.

¹⁵ Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas (táboa A do anexo II).





PROPOSTA

Considerando o resultado das consultas realizadas e a análise dos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o “Plan estruturante de ordenación do solo empresarial do polígono industrial de Bértoa fase II, sectores A e B”, no concello de Carballo. Non obstante, considérase preciso establecer as seguintes **determinacións**:

- O PEOSE deberá conter a xustificación da coherencia entre as actuacións proxectadas e as Directrices de ordenación do territorio (DOT) e outros instrumentos de ordenación vixentes no seu ámbito (artigo 33.1.d da Lei 3/2022 do 18 de outubro). Xustificárase especificamente a integración coas determinacións das DOT relativas ao desenvolvemento de áreas empresariais (apartado 3.2) así como outras relacionadas con aspectos de mobilidade, paisaxe, recursos, etc., tamén relacionadas co desenvolvemento da actuación empresarial.
- Conforme ao indicado polo Instituto de Estudos do Territorio:
 - O plan deberá incorporar un estudo da paisaxe (artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, RLPPG), que será proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03). Por tratarse dun plan que establece a ordenación detallada do solo, deberá conter tamén un estudo da paisaxe urbana (artigo 36 do RLPPG), incluíndo un estudo da visibilidade dos sectores cara as vías de comunicación adxacentes e cara os núcleos rurais máis próximos.
 - Sobre a base dos estudos da paisaxe, concretaranse no plan medidas para asegurar unha adecuada integración paisaxística da actuación e o cumprimento das *Directrices de paisaxe de Galicia*, en particular o disposto na directriz DX.10.
- Revisarase a ordenación proposta para o sector A coa finalidade de evitar afección ás áreas con maior valor ambiental da zona húmida (bosque húmido con ameneiros, breixeira húmida e herbeiras húmidas con molineas), especialmente nas que se citou a presenza da especie ameazada *Euphorbia uliginosa* (artigo 33.1.j da Lei 3/2022). Suxírese prever na normativa do plan medidas de manexo da vexetación dirixidas á restauración ambiental do hábitat de *E. uliginosa*, así como tamén medidas para que nas obras que alteren a cobertura do solo se apliquen procedementos e métodos de traballo que eviten o espallamento de plantas exóticas invasoras.
- No deseño do sistema viario interno e das conexións exteriores teranse en consideración as observacións e suxestións formuladas pola Axencia Galega de Infraestruturas, o Concello de Carballo e a Comunidade de propietarios do Polígono de Carballo. Cómpre resolver de xeito adecuado as posibles interferencias coas sendas peonís e ciclistas existentes na zona.





- Atenderase ás medidas protectoras e correctoras expostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no seu informe, entre outras:
 - Catalogarase o muíño identificado dentro do ámbito de actuación e, no caso de verificar a súa existencia co preceptivo traballo de campo, o cruceiro. Redactaranse as fichas de Catálogo correspondentes co contido esixido pola normativa vixente e delimitaranse os bens e o seu contorno de protección seguindo os criterios da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG). Os bens catalogados deberán representarse tanto nos planos de ordenación como nos de afeccións sectoriais. A normativa do plan incluírá o réxime de autorizacións aplicable aos bens catalogados.
 - A ordenación proposta deberá garantir a súa compatibilidade cos ben dos patrimonio cultural que se vexan afectados, en coherencia coa determinación 9.3 das DOT. Neste sentido, proxectaranse espazos libres e zonas verdes nas proximidades dos bens catalogados para que funcionen como espazos de amortecemento, evitárase a construción de novos volumes cerca dos bens que afecten a súa percepción visual e aplicaranse os criterios específicos de intervención no contorno de protección recollidos no artigo 46 da LPCG.
- Debe quedar garantido no plan a existencia de reservas de auga suficiente, a viabilidade da captación, tratamento e distribución da auga potable, así como a recollida da auga residual e a súa depuración, reutilización ou vertedura a medio receptor de forma sustentable (determinacións 3.1.5.g e 4.8.9 das DOT; artigo 31 da normativa do PSOAEG); entre outras cuestións:
 - Cómpre precisar a concesión administrativa na que se encadraría a novo consumo de auga para abastecemento da área empresarial e xustificar a suficiencia do caudal outorgado para satisfacer a demanda estimada.
 - A nova EDAR prevista no PXOM deberá estar operativa antes da posta en servizo da actuación empresarial proxectada. O PEOSE incluírá no estudo económico a forma de financiamento das obras (artigos 33.2 da Lei 3/2022 e 175.3.a do RLSG¹⁶). A ordenación que se propoña contemplará a conexión dos sectores coa futura EDAR.
 - Na tramitación do plan deberase recabar informe dos servizos técnicos municipais e das empresas subministradoras respecto da suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos (artigo 38.7 da Lei 3/2022).

María Carmen Paz Cornes
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental
de Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

(asinado con sinatura dixital)

¹⁶ Artigo que desenvolve parte do establecido nos artigos 68 e 69 da LSG.





Tendo en conta a proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o "Plan estruturante de ordenación do solo empresarial do polígono industrial de Bértoa fase II, sectores A e B", no concello de Carballo. Non obstante, para garantir a adecuada integración dos aspectos ambientais no contido do plan darase cumprimento ás determinacións que se recollen na proposta transcrita.

Esta resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>), e remitirase ao promotor xunto coa copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas.

Segundo o disposto no artigo 35.2.c da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia do dito informe ambiental estratéxico por outro prazo máximo de dous anos, tras solicitude formulada polo promotor antes do transcurso do prazo sinalado.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación do plan estruturante de ordenación de solo empresarial (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos

Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

(*asinado electronicamente*)

